

TEMA 16: O REXURDIMENTO PLENO (II). EDUARDO PONDAL A ESCOLA PONDALIANA CURROS ENRÍQUEZ E A SÚA ESCOLA POÉTICA A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO

I. EDUARDO PONDAL

1.-Aspectos biográficos

Naceu en Ponteceso (1835) no seo dunha familia fidalga. Recibiu unha esmerada educación na cultura grecolatina e nos idiomas clásicos. En Santiago estuda Bacharelato e a carreira de Medicina. Alí fixo amizade con Rosalía, Murguía, Aurelio Aguirre e outros mozos que frecuentaban o “Liceo de la Juventud”.

En 1856, participa no **Banquete de Conxo**. En 1858 publica a primeira versión do seu primeiro poema en galego, “A campana de Anllóns”, incluído logo no *Álbum de la Caridad* (1862).

En 1877 saíu da imprenta o libro *Rumores de los pinos*. En 1884 publica o opúsculo *Gandreiras*. En 1885 residiu na Coruña onde frecuentou a librería de Carré Aldao, chamada “**Cova Céltica**”, por ser un centro de reunión de intelectuais, historiadores e escritores galegos que defendían o “**celtismo**”. En 1886 publica *Queixumes dos pinos*, obra pola que recibiu numerosos eloxios.

Morreu nunha condicións penosas en marzo de 1917, na Coruña.

2.-Obra poética de Pondal

Queixumes dos pinos (1886)

É a súa obra fundamental. Recolle 91 composicións, 89 delas en galego e 2 bilingües, entre as que se atopan *Gandreiras* e 17 poemas de *Rumores*. Celtismo, bardismo, misoxinia e helenismo son os compoñentes temáticos e ideolóxicos básicos.

A temática da obra é reducida e repetitiva: a evocación do pasado celta glorioso, a exhortación aos galegos para a loita pola dignidade no presente, a incompreensión da que é vítima o bardo, a morte digna e heroica, a posesión sexual violenta da muller, a reivindicación do idioma galego etc. *Queixumes* inclúe un poema, o intitulado “Os pinos”, cuxas primeiras estrofas serán elixidas polos emigrados en Cuba como letra para o himno, con música de Pascual Veiga.

Os Eoas

Longo poema narrativo onde Pondal canta a fazaña de Cristovo Colón e dos mariñeiros galegos que presuntamente o acompañaron. É un monumental proxecto literario, no que traballou ao longo de toda súa vida e que deixou inconcluso. A obra de Luís de Camões, *Os Lusíadas*, serviu de modelo estilístico, métrico e temático a Pondal.

3.-Estética e ideoloxía de Pondal

Pondal non transita polas marxes do costumismo realista, senón que constrúe unha **estética moi persoal** que toma como punto de partida as **correntes simbolistas e formalistas da poesía**

européa da fin do século XIX.

Foi un **demócrata e progresista radical**, mais abrazou **ideas rexionalistas e protogaleguistas**. Mantén as súas **ideas galeguistas e celtistas**, que son unha constante da súa obra.

4.-Principais liñas temáticas

Celtismo

Cre que a base étnica do pobo galego é celta, fronte ao substrato étnico castelán, que é ibero. Os antigos celtas, cos seus líderes (Breogán, Ith...), serían os nosos devanceiros, a orixe da estirpe ou “raza” galaica. Idea defendida por Murguía.

Os seus poemas fan alusión, en ton épico, aos feitos dos heroes celtas presentados como paradigmas da forza, do valor e do sentido da dignidade.

Con este recurso ao pasado mítico celta, o poeta presentaba a Galicia como un pobo con historia propia e cun pasado glorioso. Tamén reforzaba o discurso dirixido a convencer os galegos da necesidade de recuperaren a súa autoestima colectiva. De aí os chamamentos á loita e as súas imprecacións contra o desleigamento idiomático dalgúns galegos.

Bardismo

Influído pola corrente “ossiánica” creada polo poeta escocés Macpherson no s. XVIII, Pondal atribúese a si mesmo o patriótico e aristocrático papel de “bardo” do pobo galego.

Os “bardos” eran os que gardaban e transmitían poeticamente a sabedoría da tribo e informaban do seu pasado ás novas xeracións. Pondal concibe a súa obra como unha especie de revelacións aos galegos/as do seu pasado celta glorioso, que debería ser estímulo e orgullo para loitar contra a opresión presente de Galicia.

Este papel orixina unha actitude de autoexaltación por parte do poeta e un sentimento de superioridade, mais tamén é unha tarefa ingrata.

Iberismo

Soña cunha futura unidade ibérica. *Os Eoas* explica en boa medida a súa perspectiva. O idioma galego establece un vínculo de unión entre galegos e portugueses. A “fala de Breogán” identifícase co “verbo do gran Camões”. A lingua é o lazo de unión con Portugal (idea retomada polas Irmandades da Fala no século XX).

Misoxinia e machismo

Mostra o seu desprezo pola muller nalgúns poemas. A muller é unha simple presa de caza ou un froito a disposición do home. A relación amorosa preséntase como un combate, unha conquista violenta. O feminino é negativo, mentres que todo o masculino é positivo.

Helenismo ou Clasicismo

Ten unha ampla formación na cultura clásica grecolatina, admira o pasado de Esparta. Aparece o helenismo na mención de personaxes históricas e míticas da Grecia clásica, na alusión a topónimos

helénicos, no tratamento da morte heroica e gloriosa.

Misticismo panteísta

Natureza importante. Unhas veces aparece personificada, outras con valor simbólico. As árbores, o vento, as aves son capaces de escoitar e de falar, teñen unha mensaxe que transmitir ou actúan como confidentes perante os que se sincera o corazón do poeta.

5.-Lingua e estilo de Pondal

Esforzouse por crear un **registro culto, refinado e literario para o idioma**. Sobre a base do seu galego natal, introduce numerosos **cultismos**, tanto gregos coma latinos, e combate radicalmente os vulgarismos e os castelanismos. O seu galego é menos popular que o de Rosalía ou Curros, pero moito máis puído, enxebre e coidado.

O seu estilo poético é **solemne, grave e sobrio**, nada amigo de artificios e caracterízase por:

-uso de adxectivos correspondentes ás **oposicións semánticas** férreo/doce e masculino/feminino

-uso constante de **epítetos** (garrido, lanzal...) e de **frases feitas** (fogar de Breogán=Galicia, os rumorosos= piñeiros...)

-uso de **elementos naturais como símbolos**: aves=liberdade, tristura ou paso do tempo; piñeiros=pasado histórico celta e a memoria colectiva

-uso de **topónimos** (Gundar, Brumar, Anllóns, Dombate...) e **antropónimos** (Breogán, Rentar...) de **resonancias célticas, clásicas e heroicas**

-**escasa utilización dos diminutivos**

-uso frecuente de **cultismos** do grego e do latín

-gusto polos **paralelismos e as similitudencias**

6.-A escola pondaliana. A poesía finisecular de temática mítico-historicista

A súa poesía foi imitada e continuada por outros autores, a maioría asistentes ao faladoiro da “Cova céltica”, activistas do rexionalismo e fundadores da Academia Galega (1906), entre os que cómpre destacar:

-Florencio Vaamonde Lores

-Eladio Rodríguez González

-Evaristo Martelo Paumán

-Eugenio Carré Aldao

-Alfredo Brañas